



Código Emperador, O corpo aberto, Valentina, O home e o can e Life is Live, entre outras, volven á pantalla grande na IV Semana do Cinema Galego

A gran celebración cinematográfica non competitiva de Galicia proxectará na Coruña as mellores producións cinematográficas con selo galego do último ano, seleccionadas como finalistas dos XXI Premios Mestre Mateo

Deste xeito, o programa da IV Semana do Cinema Galego estará conformado por un total de nove filme que suman 40 nominacións aos Mestre Mateo, entre eles, catro largos de ficción (*Código Emperador, Live is Life, O corpo aberto e O home e o can*), catro documentais (*A Foreign Song, María Casares. A muller que viviu mil vidas, No somos nada e Onde máis doe*) e a película de animación gañadora do Goya en 2022 *Valentina*

Os pases, que terán lugar no Teatro Colón do 14 ao 19 de marzo, contarán coa presenza dos equipos artísticos e técnicos das películas

O acceso as proxeccións será gratuito, con entrada libre, por orde de chegada á sala, ata completar o aforo

A Coruña, 23 de febreiro do 2023.- A Coruña acollerá do 14 ao 19 de marzo a IV Semana do Cinema Galego, a gran celebración cinematográfica non competitiva do país, que exhibe o máis salientable da produción audiovisual galega do último ano. Un total de nove filmes -os seleccionados como finalistas dos XXI Premios Mestre Mateo, que xuntos suman 40 nominacións- vanse proxectar no Teatro Colón da cidade herculina ao longo destes seis días, en sesións nas que participarán os equipos responsables das obras.

Deste xeito, o programa contará cos largos de ficción *Código Emperador, Live is Life, O corpo aberto e O home e o can*; os documentais *A Foreign Song, María Casares. A muller que viviu mil vidas, No somos nada e Onde máis doe*; e a película de animación gañadora do Goya en 2022 *Valentina*. O acceso a todas as proxeccións do encontro será de balde, con entrada libre, por orde de chegada á sala, ata completar o aforo.

A presentación da programación tivo lugar esta mañá, xoves 24 de febreiro, no Café Copacabana, que operará como “Cantina da IV Semana do Cinema Galego” e espazo de encontro oficioso entre artistas e público durante todo o evento, para intercambio de impresións e conversas antes e despois dos pases.



No acto participaron **Álvaro Pérez Becerra**, presidente da Academia Galega do Audiovisual (AGA); **Inés Rey**, alcaldesa da Coruña; e **Xosé Regueira Varela**, vicepresidente da Deputación da Coruña.

Na súa intervención, **Pérez Becerra** salientou o carácter “selecto e diverso dunha programación que condensa o mellor do panorama galego actual”, que regresa á gran pantalla grande en aberto para todos os públicos e que vai estar articulada en “sesións nas que os equipos artísticos e técnicos das películas poderán compartir co público a súa visión persoal sobre os traballos e tamén as anécdotas que non saen na pantalla”.

Pola súa banda, **Xosé Regueira Varela**, recalcou que para “a Deputación da Coruña é un orgullo colaborar coa Academia e reivindicar o papel do audiovisual galego, un motor de emprego e talento que xera o 25% do PIB cultural”. Insistindo en que “desde as institucións debemos apoialo como algo fundamental, poñelo en valor e lograr encher as salas”. Finalmente, a alcaldesa da Coruña, **Inés Rey**, tomou a palabra para recordar que “A Coruña é a cidade galega do cinema porque aquí foi onde naceu da man de José Sellier, pioneiro do cinema e autor da primeira película galega, e dende o Concello seguiremos apostando por que a cidade siga na vangarda do audiovisual”.

6 días, 9 filmes

A actividade da IV Semana do Cinema Galego botará a andar con **Código Emperador**, película dirixida por **Jorge Coira**, que se exhibirá o **martes 14 de marzo** ás 20.00h, tras o acto oficial de inauguración. A película, estreada no último Festival de Málaga, é unha reflexión sobre as cloacas do Estado, e nela **Luis Tosar** encarna a Juan, un home afeito a lidar cos asuntos turbios dos poderosos.

O **mércores 15**, ás 20.00h, será a quenda do documental **María Casares. A muller que viviu mil vidas**, unha ollada íntima e profunda de **Xavier Villaverde** sobre a vida da grande actriz coruñesa que se estreou na Seminci de Valladolid.

No ecuador da Semana, o **xoves 16 de marzo**, comezarán as sesións dobres no Teatro Colón. Ás 20.00h vaise proxectar **Onde máis doe**, un documental de **Manane Rodríguez** no que a cineasta uruguiaia afincada en Galicia analiza un caso de violencia vicaria que aconteceu en Oza no que un pai asasinou o seu fillo para danar a nai. Un chisco máis tarde, ás 22.00h, exhibirase **O home e o can**, dirixida por **Ángel de la Cruz** e protagonizada por un **Manuel Manquiña** nun rexistro inédito na súa carreira. O filme, que reflexiona sobre a soidade non elixida, a vellez e o abandono das aldeas, gañou seis galardóns na 31 edición do Festival de Cine de Madrid, incluído o Premio da Crítica.

O programa do **venres 17 de marzo** iniciarase coa proxección, ás 20.00h, de **A Foreign Song**, de **César Souto**, filme inspirado na obra e biografía do poeta modernista estadounidense Wallace Stevens. O documental obtivo os galardóns á mellor película



española e ao mellor director español do FICXixón, certame onde tivo lugar a súa estrea mundial.

Algo máis tarde, ás 22.00h, o público poderá gozar de **No somos nada**, de **Javier Corcuera**, un repaso aos corenta anos de La Polla Records, unha das bandas máis icónicas do punk nacional.

A sesión do **sábado 18** estará composta por un programa dobre de longametraxes de ficción con estilos moi diferentes. De primeiro, ás 19.30h, a cita é con **Live is Life**, unha incursión de **Dani de la Torre** na comedia cunha historia ambientada nun verán inesquecible dun grupo de mozos na Galicia de 1985. E de segundo, ás 22.00h, será **O corpo aberto**, de **Ángeles Huerta**, quen tome a pantalla do Colón, con **Tamar Novas** e **María Vázquez** como protagonistas dun filme gótico inspirado na obra **Arraianos** de Méndez Ferrín.

A clausura da IV Semana do Cinema Galego será a mañá do **domingo 19**, ás 11.30h, e virá da man de **Valentina**, a película de Chelo Loureiro gañadora do Premio Goya á mellor longametraxe de animación no 2022. Grandes e pequechos están convidados a acompañar a Valentina, unha nena con síndrome de Down, na súa aventura para facer realidade o seu soño: ser trapecionista.

Cita co talento

O programa desta cuarta edición da Semana do Cinema Galego inclúe **nove traballos finalistas dos XXI Premios Mestre Mateo** que concede a **Academia Galega do Audiovisual** nas categorías de **mellor longametraxe, documental e longametraxe de animación**. Os títulos da programación suman un total de 40 candidaturas aos máximos galardóns do audiovisual galego, e dous deles, **O corpo aberto** e **Código Emperador**, con 16 e 8, respectivamente, parten como favoritos dos premios que se concederán no vindeiro mes de marzo.

Con esta nova cita, a **Semana do Cinema Galego** consolídase como mostra consagrada ao talento máis próximo, co foco na **complicidade co espectador** e cristalizando sinerxías coa cidade herculina, escenario e catalizador dos **diálogos entre o público e os artistas**. A **Semana do Cinema Galego** está impulsada pola **Academia Galega do Audiovisual (AGA)** e conta co apoio do **Concello da Coruña** e da **Deputación da Coruña** e mais coa colaboración de **Abanca**.

Logo da boa acollida da súa pasada edición, con máis de **3.000 espectadores e espectadoras** que encheron os pases dos dez filmes proxectados en 2022, a mostra repite fórmula neste 2023 e propón unha semana para **celebrar a puxanza do audiovisual galego** na compañía dos seus profesionais. Unha ocasión carismática, sedutora e máxica, con todo o glamour do mellor cinema, que se consolida na súa cuarta



edición como unha das grandes citas cinematográficas da tempada. E que situará, de novo, á cidade da Coruña no eixe da Sétima Arte.

**CONTACTO DE PRENSA
IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

The Office Comunicación

Bea Pérez e Luisa Castiñeira

Tel. 604 070 409 - 620 113 155

Mail: prensa@theofficeco.es

**KIT DE PRENSA
IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

cutt.ly/SCG2023

**CONTACTO DE PRENSA
ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL (AGA)**

Miriam Rodríguez

prensa@academiagalegadoaudiovisual.gal

www.semanadocinemagalego.gal

#SCG2023

PROGRAMA IV SEMANA DO CINEMA GALEGO

Martes 14 de marzo

19:30 h | Inauguración oficial

20:00 h | *Código Emperador*

Mércores 15 de marzo

20:00 h | *María Casares. A muller que viviu mil vidas*

Xoves 16 de marzo

20:00 h | *Onde máis doe*

22:00 h | *O home e o can*

Venres 17 de marzo

20:00 h | *A Foreign Song*

22:00 h | *No somos nada*

Sábado 18 de marzo

19:30 h | *Live is Life. La gran aventura*

22:00 h | *O corpo aberto*

Domingo 19 de marzo

11:30 h | *Valentina*